

Farruco Graña: "O que une os relatos é a idea de viaxe e de navegar, entendido como un percorrido vital"

Farruco Graña (Carballo, 1966) reúne en *Eu voun navegar* (Lar) unha escolma de artigos nos que dialoga coa memoria, a paisaxe e a cultura galega. Cun ton íntimo e emocional, a obra mestura diferentes personaxes con autores referentes da literatura galega para construír unha travesía arredor da identidade.

Raúl Salgueiro

27 de maio de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/farruco-grana/20260527081421257512.html>

—O libro é unha travesía onde recompila varios anos de traballo. Que une realmente todos os relatos?

O que une todos os textos é a idea da viaxe e dese navegar, tanto de forma literal como metafórica, entendido como un percorrido pola vida e polas emocións. A través de diferentes personaxes percorro paisaxes do Courel, de Carballo, de Ribadeo ou da comarca eonaviega, sempre acompañado por autores de referencia como Uxío Novoneyra, Manuel María ou Suso Peña. A través deles vou construíndo personaxes que evocan biografías imaxinadas e falan da súa relación con eses autores e coa súa terra. Todos compartían unha forte conexión coa terra e a necesidade de valorar o propio.

No libro conviven textos escritos en momentos moi distintos. Hai relatos de hai cinco anos, outros recentes e tamén escritos de hai quince ou vinte anos que quedaran gardados nun caixón. Ao xuntalos decateime de que todos compartían un mesmo universo. As ilustracións de Mon Lendoiro tamén acompañan o libro. Foi el quen me fixo a proposta. O que pensaba que sería só unha portada acabou converténdose nunha ilustración para cada relato, algo moi especial para min porque soubo entender perfectamente o meu universo literario.

—Hai algunha historia do libro que lembre con agarimo?

Todos os relatos teñen certa importancia emocional para min. Pero "Eu voun navegar" ten un significado especial. A historia naceu das conversas cun amigo do Courel que xa non está connosco e que acabou sendo mariñeiro e percorrendo medio mundo. A idea dun rapaz do Courel soñando co mar ofrecíame moitas posibilidades literarias, especialmente collendo a figura de Uxío Novoneyra. Ao final, todo nace da paciencia, de escribir pouco a pouco e do pracer de combinar o que outros contaron, tanto desde a literatura como desde a experiencia vivida.

—Galiza funciona na obra como escenario e como interlocutora. Como dialoga coa Galiza ao escribir?

Na miña obra hai un diálogo constante coa paisaxe e coa xente de Bergantiños, da Mariña e da comarca eonaviega. En Ribadeo existe unha relación moi fluída coa xente do Eo-Navia, cun intercambio continuo de persoas e experiencias. Tamén me interesaba reflectir o tránsito da sociedade rural tradicional cara a unha sociedade cada vez máis urbanizada. O agro xa non é o de antes e as condicións de vida mudaron moito. Pero penso que non podemos perder o noso nin deixar de valorar a nosa identidade. Se non valoramos o propio, acabamos diluíndonos e perdendo aquilo que somos.

—Como foi o proceso de revisar traballos anteriores para esta recompilación?

Recompilar estes relatos permitíume lembrar a miña propia evolución como escritor. Hai textos de hai vinte anos e outros actuais, e iso deixa ver como fun madurando. Tamén recuperei situacións concretas da vida, como unha historia sobre cando os nosos fillos foron por primeira vez a un campamento no forte de San Damián, en Ribadeo. Quixen contar esa escena con certa retranca. Hai tamén relatos máis emotivos, historias de amor, dramas e textos ligados ás viaxes por Londres ou Xenebra. Até agora moitos destes textos só estaban dispoñíbeis nos xornais onde colaboraba. Publicalos xuntos permitíume darlles unha nova vida.